

LETRAS GALEGAS DE CORES

- *Prexuizos*
e
+ *Prefixos*



Cada chave encaixa
cunha das
pechaduras, e xuntas
abrirán o seu armario
correspondente.

Une cada chave coa
súa pechadura
correspondente:




Prefixos




Agora, escreve
debaixo de cada
armario o seu
prefixo
correspondente:




Persoa que sente atracción emocional e/ou sexual por persoas de ambos sexos.



Persoas con características físicas que encaixan con algún dos dous sexos normativos.




É unha identidade na que a persoa non se identifica con ningún xénero (home, muller).



Persoa que sente de maneira simultánea e fixa varias identidades de xénero



Persoa que sente atracción física e emocional cara persoas do mesmo sexo.




Persoas que senten atracción sexual e desexo pola intelixencia ou as calidades morais dunha persoa.



Persoa cuxo sexo asignado ao nacer e identidade de xénero coinciden.



Persoa que sente atracción por persoas de diferentes xéneros. Non necesariamente por todos.




Persoa que sente atracción física e emocional cara persoas do sexo oposto.




Persoas que teñen unha identidade ou expresión de xénero masculina e feminina, de forma simultánea ou alternativa.



*Persoa que non se identifica co xénero co que naceu.
Por exemplo: nace con órganos masculinos e síntese muller .*



Persoas que senten atracción por persoas de calquera xénero.



Non existe atracción sexual cara ningún individuo. Sen embargo, poden ter atracción emocional ou romántica.



Persoas que nacen cunha anatomía sexual ou reprodutiva que non se axusta ás definicións típicas de home ou muller.

PREGUNTAS

1. COAS TÚAS PALABRAS

- a) Que son os prefixos?

- b) Que son os prexuízos?

- c) Que pensas que quere dicir que deben existir menos prexuízos e haber máis prefixos?

- d) A expresión "saír do armario", que significado ten?

2. INVESTIGAMOS:

- a) Cal é a diferenza entre o **xénero** e a **sexualidade**?

- b) Por que cada armario ten unhas cores diferentes?

- c) Estes son os únicos prefixos que existen para referirnos a tipos de xénero e sexualidade? Coñeces algún máis?

Non precisamos etiquetas, pero si ter as cousas claras para poder entendernos mellor a nós mesmos e aos demais.